

cido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

ANEXO I

Denominación do posto de traballo: subdirector/a xeral de Calidade Ambiental.

Código: MAC040000215770002.

Centro directivo: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo ou escala: xeral/especial.

Grupo: A1.

Nivel: 30.

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).

Tipo de adscrición: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.).

Específico: 21.320,17.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

NOTA: úsese o publicado na páxina 12.110 e 12.101.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 15 de xuño de 2009, da Dirección de Área Sanitaria de Ferrol, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de xefe da Sección de Aparello Dixestivo.

Convocada por Resolución AC-01/2008, do 2 de xullo de 2008 (DOG nº 156, do 13 de agosto), a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de xefe de Sección de Aparello Dixestivo, esta dirección de área sanitaria, de conformidade co establecido Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, Orde do 8

de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 5 de maio de 2009 pola que se atribúen competencias aos órganos do Servizo Galego de Saúde creados no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG número 84, do 7 de maio),

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de xefe da Sección de Aparello Dixestivo, realizada mediante Resolución AC-01/2008, do 2 de xullo de 2008 (DOG nº 156, do 13 de agosto).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, a persoa relacionada no anexo I a esta resolución.

Terceiro.-O réxime de cesamento na praza de orixe e de toma de posesión da praza adxudicada será o establecido no artigo 26 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Ferrol, 15 de xuño de 2009.

Luis Verde Remeseiro
Director de Área Sanitaria de Ferrol

ANEXO

Posto de traballo: xefe da Sección de Aparello Dixestivo.
Nome e apelidos: Javier Castro Alvaríño.
DNI: 32615408-M.

Resolución do 19 de xuño de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de persoal facultativo-xefe do Servizo de Aparello Dixestivo.

Convocada por Resolución do 14 de xaneiro de 2009 da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (DOG nº 98, do 29 de febreiro), a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo-xefe de Servizo de Aparello Dixestivo, esta xerencia, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3 da orde da Con-

sellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 119, do 19 de xuño),

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe de Servizo de Aparello Dixestivo, convocada pola Resolución do 14 de xaneiro de 2009.

Segundo.-Nomear para o posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeñe, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vigo, 19 de xuño de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario
Universitario de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: xefe do Servizo de Aparello Dixestivo do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
Nome e apelidos: Jose Ignacio Rodríguez Prada.
DNI: 34253186-E.

Resolución do 19 de xuño de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo-xefe da Sección de Alergoloxía.

Convocada por Resolución do 14 de xaneiro de 2009 da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (DOG número 29, do 11 de febreiro), a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo-xefe da Sección de Alergoloxía, esta xerencia, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3 da Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG número 106, do 5 de xuño), e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG número 119, do 19 de xuño),

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe da Sección de Alergoloxía, convocada pola Resolución do 14 de xaneiro de 2009.

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeñe, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto .-Contra esta resolución poderá interpor recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun